

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN  
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL  
SESIÓN ORDINARIA DO 7 DE OUTUBRO DE 2014**

**A C T A**

Ás 13:30 horas do día indicado reúnense na sala común de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

**Asistentes (6):**

Beatriz Comendador Rey, Álvaro Arízaga, Natalia Caparrini Marín, Cristina Montojo Santos, Mercedes Solla Carracelas M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz.



**ORDE DO DÍA:**

**1.- Informe da presidenta.**

A coordinadora informa sobre a preparación da normativa Traballo Fin de Máster (TFM) polo prof. Domingo Rodríguez Teijeiro, que será presentada na próxima Comisión Académica para a súa aprobación.

Sobre as peticións do alumnado respecto a unha maior claridade nos prazos de entrega de traballos e datas de avaliación ao longo do curso a coordinadora cre convinte recordar ao profesorado os seguintes acordos:

- 1.- Quen non poida asistir á probas de avaliación presencial, poderá realizalas noutra data sempre que xustifique documentalmente a súa imposibilidade.



2.- Ao final de cada cuadrimestre estableceuse un 2º prazo para a entrega de traballos e a realización das probas de avaliación, que comprenden as seguintes datas:

- 1º cuadrimestre do 22/12/2014 – 16/01/2015
- 2º cuadrimestre do 06/04/2015 – 17/04/2014

A comisión insta á coordinadora para que prepare unha proposta con datas concretas que despois pasará aos coordinadores/as de módulos para a súa revisión e posterior aprobación pola CAM.

3.- A segunda convocatoria da entrega de traballos e probas de avaliación terá lugar na semana do 29/06/2014 ao 10/07/2014.

A coordinadora informa tamén da apertura dun repositorio de evidencias no espazo do Plan de Acción Titorial (PAT) do mestrado en moodle.

## **2.- Aprobación se procede das actas das sesións do 10/09/2014 e do 17/09/2014.**



Apróbanse por asentemento as actas das sesións do 10/09/2014 e do 17/09/2014.

## **3. Aprobación se procede da modificación do art. 8 do Regulamento de Prácticas mediante a inclusión do parágrafo *“Aqueles alumnos/as que así o desexen poden solicitar a convalidación das prácticas, presentando o ANEXO II *“Solicitud de convalidación de prácticas”*”*.**

Apróbase por asentemento incluír no regulamento de prácticas a modificación do art. 8 proposta.

## **4.- Aprobación se procede da lista provisional de estudantes admitidos e excluídos no 3º prazo de preinscrición do máster para o curso 2014/2015.**

No 2º prazo de matriculación matriculouse unicamente un dos candidatos da lista de agarda polo que foi preciso abrir un novo prazo de matrícula, no que se presentaron catro novos candidatos.



Apróbase por asentemento a lista provisional de admitidos e excluídos no 3º prazo de preinscrición do máster para o curso 2014/2015 (ANEXO 1).

Asimesmo apróbase por asentemento delegar na coordinadora a publicación da lista definitiva coas modificacións que poidan derivarse da entrega de nova documentación durante o prazo de reclamacións.

#### **5.- Aprobación, se procede do listado de bens culturais para a elaboración de traballos nas materias do mestrado.**

Apróbase por asentemento o listado de bens culturais coas inclusións propostas pola profª Cristina Montajo en representación do módulo 3 (NEXO 2).

#### **6.- Aprobación, se procede do profesorado designado no Plan de Acción Titorial para titorar aos alumnos/as do mestrado.**



A coordinadora informa sobre os criterios utilizados para a asignación do alumando aos titores do PAT:

- que os titores sexan profesorado a tempo completo
- que a asignación se realice en función dos seus perfís
- a inclusión como titora da profª Belén Riveiro e a retirada dos prof<sup>s</sup>. Teresa Rivas e Pedro Arias.
- a asignación á coordinadora Beatriz Comendador do alumno/a que se matricule no 3º prazo, aínda pendente de resolución.

Apróbase por asentemento a distribución do alumnado entre o profesorado a tempo completo da Comisión Académica (ANEXO 3).

#### **7.- Elección do novo coordinador do módulo 2 en substitución do prof. Pedro Arias.**

Apróbase por asentemento a elección da Profª Belén Riveiro como coordinadora do módulo 2.



## 8.- Rogos e preguntas.

A Prof<sup>a</sup> Mercedes Solla pide o cambio das clases do día 8 de decembro para o día 5 de decembro. A coordinadora indica que realizará o cambio e lembra aos asistentes que está introducindo os horarios en Google-Calendar e pide ao profesorado que os revise.

A Prof<sup>a</sup> Mercedes Solla solicita á coordinadora que comunique á nova coordinadora do módulo 2 as propostas sobre os prazos de entrega de traballos e realización de probas de avaliación tratadas no punto 1 da sesión.

Sen máis remata a sesión

Ourense, a 7 de outubro de 2014.

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria



Asdo. Mª Beatriz Vaquero Díaz

### DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 23-10-2014.

A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz



ANEXO 1: Lista provisional de admitidos e excluídos no 3º prazo de preinscrición do máster para o curso 2014/2015.



**lista admitidos  
master 3º.pdf**

ANEXO 2: listado de bens culturais para a elaboración de traballos nas materias do mestrado



**Oferta BBCC  
alumnado 2014-201.**



**Oferta BBCC  
profesorado 2014-201**

ANEXO 3: profesorado designado no Plan de Acción Titorial para titorar aos alumnos/as do mestrado.



**PAT Master  
Tutores.pdf**